

Quérote, liberdade

Querido diario:

Non sei se será a última vez que fale contigo, as cousas cada vez están peores. Levamos días sen saber o que está ocorrendo. Os nosos donos non nos contan nada e as dúbidas enchen as nosas meixelas de lágrimas. Van dous días dende que Lore non está xunto a nós. Non sabemos a onde a puideron levar pero fálase de que foi quen de fuxir. Non te imaxinas as veces que penso nela ao día. Marchar deste sitio que ben soa.

A tensión é notable entre todas. Sabemos que algo non anda ben e tamén que os nosos donos están distintos dende hai uns días. Na habitación fálase dun posible cambio de goberno no que traten de liberarnos pero eu non o creo. Pero á vez mátameme pensar que elas pensen que existe a posibilidade de que pase.

Neste lugar pensan que somos obxectos, traballamos para eles aínda sabendo que nunca obteremos nada a cambio, recibimos violencia tanto verbal como física e o que levo peor personalmente, somos obxectos sexuais de homes que dobran a nosa idade.

Escoitanse gritos, xente falando lonxe pero o raro é que non todas as voces son coñecidas, comento con Xara como cada vez máis teño medo. E sei que non son a única.

Todo se queda en silencio, pero por algunha razón, son os peores segundos da miña vida. Recordo un golpe moi forte na porta da aula na que estabamos. Moita xente chegando con armas e ameazando con facer uso delas. Tratei de tomar o control da situación pero non foi posible cando recibín un forte golpe na cabeza que me deixou sen consciencia unhas horas. Supoño que eses homes non viñan falar e moito menos a escoitarme.

Cando espertei, o primeiro que fixen foi buscar unha maneira de fuxir do lugar onde estabamos. Non coñecía nada igual, pero sí que se vía un home cun coitelo vixiando que ningunha tratase de facer algo malo para eles. Moi bo xogando pola súa parte cando se puxo a falar cun compañeiro e deixou de vixiar. Aproveitei para correr. Corrí como nunca antes o fixera pero tiven que parar cando escoitei que nunha sala preto a mín estaban a falar de nós.

- Escoita, agora mesmo xa estarán por buscarnos en todo o país. Temos que fuxir canto antes se non queremos rematar no cárcere.
- E que queres facer coas rapazas, xa viches o que nos custou desfacernos daquela nena.
- Temos que matalas, non queda outra. Con esa fixemos o mesmo e ningún sabe nada.

Quedei de xeo. Asasinaran a Lore e non só a ela porque agora imos as demais. Non puiden seguir escoitando, tiña que saír de alí. Dóeme no alma non poder axudar ás miñas amigas pero iamos ter o mesmo destino senon atopaba xa a saída. En canto puidera as axudaría.

05/09/2004

Querido diario:

Hoxe fai un ano do peor e mellor acontecemento que me puido pasar. Agora son libre. Pero á vez non podo deixar de pensar nas miñas compañeiras de vida, nas persoas coas que pasaba todo o tempo dende que tiña sete anos, as miñas irmás. Ao final resultou que o cambio de goberno fixo que a investigación de escravitude e violación de rapazas fora moito máis rixida, o que fixo que moitas persoas foran ao cárcere con estes delitos.

Recordo ese día como se fose onte, tratei de fuxir sen que ninguén me vise pero non foi posible cando un dos meus donos me disparou, sobrevivín pero o difícil foi agocharse nalgún lado cando por fin saín dese escuro lugar. Dende ese momento souben que tiña que axudar ás persoas inocentes que quedaban dentro pero xamais foi posible, e culpome todos os días por iso.

Pola outra banda entendín o xenial que podía ser o mundo, comecei a estudar para axudar as persoas que coma min estaban sufrindo e deixei de maldicir a miña vida. Xamáis pensei de novo en rematar con ela e comprendín que ser libre era o mellor regalo que unha persoa podería ter sempre.